

GUIA DO ITINERARIO

A CIDADE DE MARÍA PITA

CURSOS AOS QUE SE DESTINA: 3º-4º PRIMARIA

DURACIÓN ESTIMADA: 90 minutos

ITINERARIO: Casa Museo María Pita- Praza de Cortaduría- Xardín de San Carlos- Praza de Azcárraga- Porta de Aires

ITINERARIO SMART: posibilidade de acceder ao percorrido virtual a través da páxina web www.edu.coruna.es

INICIO: os participantes apearanse do transporte na parada de autobuses de Porta Real

FINAL: o transporte recollerá aos participantes na parada de autobuses da Maestranza

*No caso de dous grupos realizando de xeito simultáneo o itinerario, un deles apearase no inicio e o outro grupo na parada final.

.....

Quén foi en realidade María Pita? Unha muller defensora dos seus dereitos ou unha muller na procura da liberdade da súa cidade? Ou tal vez é María Pita unha lenda da nosa cidade?

O nome de María Pita escríbese con letras de ouro na historia. A praza mais importante da cidade, unha estatua, unha Casa Museo e o recoñecemento da meirande parte da poboación coruñesa, pero... que foi realmente? Un percorrido pola cidade vella trasladaranos a coñecer a esta muller.

OBXECTIVO: Coñecer e situar nun marco histórico e espacial a figura de María Pita e a súa participación no asedio da cidade de 1589 valorando o papel dos homes e as mulleres na defensa da liberdade.

Desenvolver a curiosidade pola historia e os feitos acontecidos na cidade onde vivimos, recoñecendo a importancia dos espazos expositivos como lugares de aprendizaxe.

Aprender a valorar e conservar o patrimonio histórico artístico favorecendo o coñecemento da cidade.

METODOLOXÍA: a través dun pequeno caderno os escolares realizan actividades coa figura de María Pita e a cidade encamiñadas a coñecer o noso patrimonio histórico.

COMPETENCIA: cultural- artística.

Coñecer, valorar e gozar o contorno natural, social e cultural, e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación.
Coñecer, comprender, valorar e respectar, as diferentes culturas e os seus patrimonios.

DESENVOLVEMENTO

PARADA 1: Casa Museo María Pita, un museo para a historia (visita ao interior)

PARADA 2: Plaza de Cortaduría: a sociedade do século XVI. Quén vivía na cidade?

PARADA 3: Xardín de San Carlos: as defensas

PARADA 4: Porta de Aires: onde María Pita converteuse nunha heroína

PARADA 5: Estatua de María Pita

GUIA DO ITINERARIO

O MOZO PICASSO: DA CASA AO COLEXIO

CURSOS AOS QUE SE DESTINA: 3º-4º PRIMARIA

DURACIÓN ESTIMADA: 90 minutos

ITINERARIO: Casa Museo Picasso- Praza de Pontevedra- Instituto Eusebio da Guarda

ITINERARIO SMART: posibilidade de acceder ao percorrido virtual a través da páxina web www.edu.coruna.es

INICIO: os participantes apearanse do transporte na parada de autobuses da praza de Pontevedra

FINAL: o transporte recollerá aos participantes na parada de autobuses da praza de Pontevedra

.....

Fai máis de 120 anos da primeira exposición dun neno de apenas 13 anos que co paso dos anos converteríase no artista máis importante do século XX. Esa primeira exposición celebrouse na nosa cidade e ese pequeno artista chamábase Pablo Ruiz Picasso.

Os cinco anos que pasou na nosa cidade son considerados o despertar dun xenio, y e as súas obras enchen de comentarios as páxinas dos libros máis importantes da historia do arte.

A vida do pequeno Pablo na cidade foi como a de outros moitos nenos da época, de casa ao colexio e do colexio a casa, pero nos seus tempos libres, Pablo aproveitaba para observar e debuxar o que nosa cidade lle ofrecía.

OBXECTIVO: Coñecer a vida diaria e os espazos que frecuentaba o mozo Picasso durante a súa estancia na cidade a finais do século XIX, así como as súas habilidades pictóricas nesa curta idade.

Descubrir o significado da pomba que se atopa na praza de Pontevedra, e o seu orixe como símbolo da paz.

Aprender a valorar e conservar o patrimonio histórico artístico favorecendo o coñecemento da cidade.

METODOLOXÍA: a través dun pequeno caderno, os escolares realizan actividades relacionados coa figura do pintor. Actividades encamiñadas a coñecer a vida de este xenio da pintura e a súas obras pictóricas da época da súa infancia.

COMPETENCIA: cultural- artística.

Coñecer, valorar e gozar o contorno natural, social e cultural, e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación.

Coñecer, comprender, valorar e respectar, as diferentes culturas e os seus patrimonios.

DESENVOLVEMENTO

PARADA 1: Casa Museo Picasso, o seu fogar na cidade (visita ao interior)

PARADA 2: Praza de Pontevedra, o seu lugar de xogos.

A pomba da Paz, un símbolo mundial.

PARADA 3: Instituto Eusebio da Guarda, o seu lugar de estudo (visita ao interior)

Salón de actos: un espazo decorado para ser visto

GUIA DO ITINERARIO

A CORUÑA: PRAZA FORTE DO REINO DE GALICIA

CURSOS AOS QUE SE DESTINA: 5º- 6º PRIMARIA

DURACIÓN ESTIMADA: 90 minutos

ITINERARIO: Murallas do Parrote- Baluarte- Porta de San Miguel- Castelo de San Antón

ITINERARIO SMART: posibilidade de acceder ao percorrido virtual a través da páxina web www.edu.coruna.es

INICIO: os participantes apearanse do transporte no Paseo do Parrote (altura nº 18)

FINAL: o transporte recollerá os participantes na parada do Castelo de San Antón

*No caso de dous grupos realizando de xeito simultáneo o itinerario, un deles apearase no inicio e o outro grupo na parada final.

.....

Durante o reinado de Felipe II, a cidade pasou a converterse en "forza e garda do reino de Galicia", a situación estratéxica do seu porto debía ser resgardado de posibles inimigos. Por iso, é a partir de finais do século XVI cando se acometen importantes reformas na cidade cuxos vestixios pódense observar neste itinerario.

OBXECTIVO: Situar os participantes na Idade Moderna, nun contexto histórico no cal a cidade foi considerada praza forte do reino de Galicia, a través das diferentes fortificacións que se realizaron e que aínda se conservan.

Desenvolver a curiosidade por coñecer o patrimonio histórico artístico favorecendo e valorando a importancia dos restos para o recoñecemento e estudo da historia.

Valorar o patrimonio histórico- cultural que hai que coidar e legar.

METODOLOXÍA: a través de distintas actividades formuladas nun caderno, os participantes observarán e descubrirán diferentes símbolos e os significados da época histórica na que se desenvolve o percorrido e que se conservan neste espazo da cidade.

COMPETENCIA: cultural- artística.

Coñecer, valorar e gozar o contorno natural, social e cultural, e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación.

Coñecer, comprender, valorar e respectar, as diferentes culturas e os seus patrimonios.

DESENVOLVEMENTO

PARADA 1: Porta do Parrote, o símbolo do Vélaro de ouro

PARADA 2: Porta do Clavo

PARADA 3: O Baluarte
Historia de San Carlos, de baluarte a Xardín.

PARADA 4: Porta de San Miguel, o embarcadoiro da cidade

PARADA 5: O castelo de San Antón, de lazareto a museo (visita ao patio)

GUIA DO ITINERARIO

PRAZAS CON PODER

CURSOS AOS QUE SE DESTINA: 5º- 6º PRIMARIA

DURACIÓN ESTIMADA: 90 minutos

ITINERARIO: Praza da Constitución- Praza de Azcárraga- Praza María Pita

ITINERARIO SMART: posibilidade de acceder ao percorrido virtual a través da páxina web www.edu.coruna.es

INICIO: os participantes apearanse do transporte na parada de autobuses do Paseo do Parrote

FINAL: o transporte recollerá aos participantes na parada de autobuses en Porta Real

*No caso de dous grupos realizando de xeito simultáneo o itinerario, un deles apearase no inicio e o outro grupo na parada final.

.....

Durante boa parte da historia, as prazas da cidade vella coruñesa foron testemuña de innumerables acontecementos históricos. Dende a construción das primeiras casas reais e a primitiva sede do concello ata o edificio onde se almacenaba a fariña, pasando polo lugar onde se realizaban os mercados mensuais. Co paso dos séculos o poder trasladárase a outra zona da cidade e a cidade vella quedaría no recordo.

OBXECTIVO: Relacionar diferentes épocas históricas a través das prazas públicas que constituían o punto central na vida diaria dos habitantes da cidade, mostrando os espazos que son e foron de grande importancia para o desenvolvemento da cidade.

Aprender a valorar e conservar o patrimonio histórico artístico favorecendo o coñecemento da cidade

METODOLOXÍA: a través de actividades encamiñadas a reforzar a observación e discriminación de diferentes espazos da cidade, así como de coñecer diferentes elementos peculiares das prazas polas que transcorre o percorrido.

COMPETENCIA: cultural- artística.

Coñecer, valorar e gozar o contorno natural, social e cultural, e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación.

Coñecer, comprender, valorar e respectar, as diferentes culturas e os seus patrimonios.

DESENVOLVEMENTO

PARADA 1: Praza da Constitución.

O Pazo de Capitanía (visita ao interior)

PARADA 2: Praza de Azcárraga: de praza comercial a praza de paseo.

Simboloxía da Fonte do Desexo.

PARADA 3: Praza de María Pita

Pazo Municipal (visita ao interior)

GUIA DO ITINERARIO

PERSONAXES DA CIDADE

CURSOS AOS QUE SE DESTINA: 1º-2º ESO

DURACIÓN ESTIMADA: 90 minutos

ITINERARIO: Plaza de María Pita- baluarte do Parrote- Plazuela de Santo Domingo- Xardín de San Carlos

ITINERARIO SMART: posibilidade de acceder ao percorrido virtual a través da páxina web www.edu.coruna.es

INICIO: os participantes apearanse do transporte na parada de autobuses de Porta Real

FINAL: o transporte recollerá aos participantes na parada de autobuses de Porta Real

.....

Personaxes da historia ou habitantes da cidade pero todas persoas que merecen ser recoñecidas, persoas cuxas historias transcenderon, persoas dedicadas ás letras, á liberdade, ou á beneficencia. Todas elas teñen algo en común, son personaxes da nosa historia local.

OBXECTIVO: Recoñecer a importancia das persoas ao longo da historia e valorar suas actitudes que determinaron cambios na historia

Coñecer algúns personaxes a través de fontes históricas

Aprender a valorar e conservar o patrimonio histórico artístico favorecendo o coñecemento da cidade.

METODOLOXÍA: a través dun pequeno caderno os escolares realizan distintas actividades relacionados co itinerario e cos personaxes. As actividades procuran recordar o máis característico dos personaxes a través de fontes históricas

COMPETENCIA: cultural- artística.

Coñecer, valorar e gozar o contorno natural, social e cultural, e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación

Coñecer, comprender, valorar e respectar, as diferentes culturas e os seus patrimonios.

DESENVOLVEMENTO

PARADA 1: María Pita ou Inés de Ben, a cara e a cruz da liberdade

PARADA 2: Isabel Zendal e a expedición Balmis

PARADA 3: Hércules y Gerión, a lenda dos orixes da cidade

PARADA 4: Sir John Moore e a guerra da independencia

PARADA 5: María Barbeito, a mestra da coeducación

PARADA 6: Los peregrinos, el Camino Inglés

(posibilidade de entrar no interior do Concello e poder observar a vidriera do Salón de plenos, onde aparecen o nome de catro mulleres)



GUIA DO ITINERARIO

PRAZA MONUMENTAL

CURSOS AOS QUE SE DESTINA: 1º-2º ESO

DURACIÓN ESTIMADA: 90 minutos

ITINERARIO: Galerías da Marina- Praza de María Pita- Palacio Municipal.

ITINERARIO SMART: posibilidade de acceder de maneira virtual ao interior do Concello a través da páxina web: www.artaldescubierto.coruna.es

INICIO: os participantes apearanse do transporte na parada de autobús de Porta Real

FINAL: o transporte recollerá aos participantes na parada de autobús de Porta Real

.....

En pleno século XIX a cidade comeza a transformarse. Os comerciantes máis adiñeirados chegan ao poder municipal e comezan a producirse modificacións que afectarán, non só ao ámbito social senón tamén ao ámbito urbanístico. Un novo espazo transfórmase para adoptar a imaxe que hoxe en día podemos contemplar nas galerías da Mariña e na praza de María Pita.

OBJECTIVO:

Coñecer a historia e as diferentes peculiaridades de espazos singulares da cidade como a Praza de María Pita ou as galerías da Marina valorando o patrimonio artístico que as rodea, así como o seu principal edificio, o Pazo Municipal.

Recoñecer espazos singulares da nosa cidade que nos fan coñecidos noutros lugares.

Aprender a valorar e conservar o patrimonio histórico artístico favorecendo o coñecemento da cidade

METODOLOXÍA: a través dun caderno de actividades, o escolares deberán observar as diferentes peculiaridades da Praza de María Pita, así como as características da fachada do Concello, facendo especial fincapé na observación como ferramenta imprescindible para o descubrimento.

COMPETENCIA: cultural- artística.

Coñecer, valorar e gozar o contorno natural, social e cultural, e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación.

Coñecer, comprender, valorar e respectar, as diferentes culturas e os seus patrimonios.

DESENVOLVEMENTO

PARADA 1: As Galerías da Marina

PARADA 2: Praza de María Pita, algo máis que unha praza.

A unión de dúas cidades

PARADA 3: Pazo Municipal

A decoración e o simbolismo exterior
Escaleira de honra. Salón de plenos.

GUIA DO ITINERARIO

CAMIÑO REAL

CURSOS AOS QUE SE DESTINA: 3º-4º SECUNDARIA e BACHERELATO

DURACIÓN ESTIMADA: 90 minutos

ITINERARIO: Rúa Real- Teatro Rosalía de Castro- Rúa Rego de Auga- Palacio Municipal.

ITINERARIO SMART: posibilidade de acceder de maneira virtual ao interior do Concello a través da páxina web: www.artaldescubierto.coruna.es

INICIO: os participantes apearanse do transporte na Avenida da Mariña (parada de buses do canellón da Estacada)

FINAL: o transporte recollerá aos participantes na parada de autobuses do Paseo do Parrote (altura Casa Molina)

*No caso de dous grupos realizando simultaneamente o itinerario, un apearase no inicio e o outro grupo na parada final.



A partir do século XIX o poder da cidade trasládase ao populoso e rico barrio da Pescadería onde os burgueses e comerciantes construían, non só as mellores vivendas, senón tamén os lugares de entretemento adecuados para a sociedade. O antigo Camiño Real pasa a converterse, non só en lugar de paseo, senón en lugar de residencia e comercio de importantes coruñeses.

OBXECTIVO: Aprender, valorar e conservar o patrimonio histórico artístico da cidade, coñecendo as súas rúas e a súa historia, mediante un traxecto polo antigo camiño real, lugar polo que se accedía á cidade antiga.

METODOLOXÍA: a través da observación os participantes deberán recoñecer diferentes estilos dos edificios da rúa Real, sempre a través da observación directa e a escoita activa descubrirán os diferentes elementos tanto do exterior como dos edificios interiores, como pode ser o teatro Rosalía de Castro.

COMPETENCIA: cultural- artística.

Coñecer, valorar e gozar o contorno natural, social e cultural, e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación.

Coñecer, comprender, valorar e respectar, as diferentes culturas e os seus patrimonios

DESENVOLVEMENTO

PARADA 1: Rúa Real
As casas de comerciantes e burgueses.

PARADA 2: Teatro Rosalía de Castro (visita ao interior)
Teatro da Beneficiencia

PARADA 3: Rúa Rego de Auga

PARADA 4: Palacio Municipal (visita ao interior)
Escaleira de honra. Salón de plenos. Despacho de Alcaldía.

GUIA DO ITINERARIO

CASAS CONSISTORIAIS AO LONGO DA HISTORIA

CURSOS A LOS QUE SE DESTINA: 3º-4º SECUNDARIA e BACHERELATO

DURACIÓN ESTIMADA: 90 minutos

ITINERARIO: Igrexa de Santiago- Praza de Azcárraga- Rúa A Franxa- Igrexa de San Xurxo- Praza de María Pita

ITINERARIO SMART: posibilidade de acceder de maneira virtual ao interior do Concello a través da páxina web: www.artaldescubierto.coruna.es

INICIO: os participantes apearanse do transporte no paseo do Parrote (altura da praza do Parrote)

FINAL: o transporte recollerá aos participantes na parada de autobuses de Porta Real

.....

Desde o momento no que o rei Alfonso IX concede á cidade o foro de Benavente xorde a obrigaón de realizar un concello varios días á semana. Non sempre os representantes reuníanse no mesmo lugar. As necesidades da poboación, as rivalidades cos membros da Real Audiencia ou as reviravoltas locais obrigaron a cambiar a localización do concello durante séculos até a súa localización actual, a praza de María Pita.

OBXECTIVO: Coñecer diferentes espazos da cidade onde se asentaron as Casas Consistoriais desde a súa primitiva localización no atrio da Igrexa de Santiago ate o seu asentamento definitivo na Praza de María Pita

Aprender a valorar e conservar o patrimonio histórico artístico favorecendo o coñecemento da cidade

METODOLOXÍA: durante o desenvolvemento do percorrido realízanse diferentes paradas onde se situarán as antigas sedes do Consistorio. O uso de planos permitiranos situar as diferentes sedes, así como coñecer a evolución urbanística da cidade.

COMPETENCIA: cultural- artística.

Coñecer, valorar e gozar o contorno natural, social e cultural, e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación.
Coñecer, comprender, valorar e respectar, as diferentes culturas e os seus patrimonios.

DESENVOLVEMENTO

PARADA 1: Igrexa de Santiago, o inicio do Concello

PARADA 2: Praza de Azcárraga, as primeiras Casas Consistoriais

PARADA 3: Casa Martelo, o traslado á Pescadería

PARADA 4: Igrexa de San Xurxo

PARADA 5: Praza de María Pita

Palacio Municipal (visita ao interior)
Escaleira de honra. Salón de plenos. Despacho de Alcaldía.

GUIA DO ITINERARIO

MODERNISMO CORUÑÉS

CURSOS AOS QUE SE DESTINA: 3º-4º ESO e BACHERELATO

DURACIÓN ESTIMADA: 90 minutos

ITINERARIO: Praza de Lugo- Rúa Ferrol- Praza Pontevedra

INICIO: os participantes apearanse do transporte na parada de autobuses da Praza de Pontevedra

FINAL: o transporte recollerá aos participantes na parada de autobuses de Praza de Galicia

.....

A finais do século XIX un novo proxecto urbanístico daba pé ao Ensanche, un novo barrio da cidade chamado a ser o lugar onde asentaránse a clase social da burguesía industrial e os recién chegados indianos.

Con ganas de mostrar ao resto da cidade a súa importancia decidiron edificar as súas casas seguindo as pautas da arquitectura de moda na época, o modernismo. Arquitectos coma Julio Galán, López Hernández ou Boán Callejas, entre outros, lograron que o Ensanche coruñés convertírase nun lugar de fachadas para ser admiradas.

OBXECTIVO: Descubrir o modernismo como a ruptura e un estilo propio dunha clase social e as súas características dentro do contexto histórico.

Coñecer algúns dos edificios máis representativos deste movemento na nosa cidade.

Aprender a valorar e conservar o patrimonio histórico artístico favorecendo o coñecemento da cidade.

METODOLOXÍA: durante o percorrido mostrarase ao alumnado diferentes proxectos orixinais dos edificios que consérvanse para poder comparar o resultado do transcorrer dos anos.

COMPETENCIA: cultural- artística.

Coñecer, valorar e gozar o contorno natural, social e cultural, e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación.

Coñecer, comprender, valorar e respectar, as diferentes culturas e os seus patrimonios..

DESENVOLVEMENTO

PARADA 1: A praza de Pontevedra, o inicio do ensanche

Casa Escariz
Casa Salorio

PARADA 2: Praza de Lugo 13 e Praza de Lugo 22
O modernismo en todo o seu esplendor

PARADA 3: Rúa Compostela, Casa Vifurro

PARADA 4: Casa Cortés

PARADA 5: Palacio de Xusticia
O modernismo nun edificio institucional